



CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-OURENSE

B A N D O

A Xunta de Galicia, na Orde do 24 de marzo de 2017 establece as bases para a concesión de prestación económica de pagamento único para familias con fillos menores de tres (3) anos a cargo, para o presente ano.

Beneficiarios:

Todas aquelas persoas con nenos o seu cargo nados entre o día 2-1-2014 e o 1-1-2017, incluídos, e que nin elas, nin ningún dos membros da unidade familiar estiveran obrigados a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ó ano 2015, nin se tivese presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados. Serán supostos especiais os de adopción, nulidade, separación ou divorcio.

Quedan excluídos os proxenitores privados da patria potestade, tutela ou garda.

Requisitos

- . Ter a súa residencia habitual nesta Comunidade Autónoma.
- . Que na data da solicitude os nenos convivan co solicitante.

Tipo de axuda e cuantía

- Cando sexa a primeira filla/o: 360 €uros
- Cando sexa a segunda filla/o: 1.200 €uros
- Cando sexa a terceira/o ou sucesivos: 2.400 €uros



Documentación a presentar



1. Solicitude e anexos dispoñibles en [http://www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos\(DOG n.º 65 do 3/04/2017\) Orde de 24 de marzo de 2017](http://www.xunta.gal/resultados-da-guia-de-procedementos(DOG n.º 65 do 3/04/2017) Orde de 24 de marzo de 2017).
2. Copia do Libro de familia ou certificado de nacemento do Rexistro Civil de cada un dos fillos/as da persoa solicitante.
3. Xustificante de empadramento conxunto de todos os membros da unidade familiar. Estes xustificantes deberán ter unha antigüidade máxima de 6 meses.
4. Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio, no seu caso.
- 5.- As familias monoparentais, deberán presentar certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.
- 6.- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante e da persoas proxenitora que non apareza como solicitante das axudas, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- 7 – Certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non ter presentado a declaración da renda das persoas físicas do ano 2015 do solicitante e do cónxuxe ou parella da persoa solicitante, só no caso de que non autorizar a súa consulta.
- 8.- Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou acollemento de ser o caso.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Esta solicitude deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común **ATA O DÍA 26 DE MAIO DE 2017**

O que se fai público para xeral coñecemento.
San Cibrao das Viñas 4/04/2017

